



CELEBRACIÓN EN OS COTOS

20-21 de setembro do 2025

XXV SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 53** *Onda Ti noso Pai neste día*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Vainos dicir o evanxeo de hoxe: “Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro”.

Estamos formando parte dunha sociedade que pon o ter por enriba de todo e de todos, e non acabamos de decatarnos de que non é aí onde atopamos sentido á vida.

É na solidariedade que nos abre aos demais, e é na sinxeleza de quen busca vivir con dignidade e ser feliz vivindo co necesario, onde atopamos o exemplo de Xesús.

Unha vez máis, a Palabra chámanos a sermos coherentes, a non deixarnos corromper, a sermos fieis e responsables no pequeno, a non esquecermos que os cartos non dan a felicidade. Axúdanos, Señor, para que a corrupción, ningún tipo de corrupción, aniñe no noso corazón. Que o noso esforzo por ter sexa para que todos teñamos PAZ.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Moitas veces nos momentos difíciles soamente nos preocupamos de nós mesmos e deixamos de lado aos demais. Acudamos ao Pai de todos para pedir perdón polos nosos egoísmos:*

Monitor/a

- ✓ Son demasiadas as presas. Pedimos perdón por non termos sabido descubrir e transmitir o que significa vivir con austeridade e sinxeleza. Señor, énchenos do teu amor
- ✓ Son demasiadas as cousas. Pedimos perdón polas veces nas que nos creamos falsas necesidades que nos invitan a comprar, a acaparar, a posuír o que en realidade nin precisamos. Cristo, énchenos do teu amor
- ✓ Porque seguimos equivocados, pensando que a fe tamén é reducible a un negocio no que se paga polos favores recibidos, esquecendo a gratuidade e o amor. Señor, énchenos do teu amor

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos concede o Señor o perdón dos pecados, e a todos por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio o que rebule no noso interior e as nosas intencións para esta semana. Pousamos tamén nas mans de Deus Pai a nosa preocupación polas xentes de Palestina ás que non se lle deixa nin tan sequera ter vida.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
Ti fixeches consistir a plenitude da lei
no amor a Ti e ao próximo.
Fai que cumpramos este mandato
para abrírnos camiño cara a vida eterna,
pedímoscho por Cristo, Noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A lectura do profeta que agora imos escoitar é a lembranza de que Deus está lonxe de quen se aproveita e abusa do pobre.*

O evanxeo é a proposta de non deixarnos levar pola avaricia. É ben certo que necesitamos as cousas pero elas non o son todo. A vida é moito máis que ter.

No Leccionario I C páx 253 Am 8, 4-7 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE AMÓS

Escoitade isto, vós que asoballades o pobre e exterminades a xente humilde do país;
vós que dicides: "cando pasará o festivo da lúa nova para vendermos o trigo, e o sábado para fornecer o gran traficando ata co salvado, para mermar a medida, aumentar o prezo e defraudar con balanza falsa, para mercarmos por diñeiro o mendigo e o pobre pola débeda dun par de sandalias?"

Xura Iavé pola soberbia de Xacobe:
"Endexamaís non esqueceréi os seus delitos".

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida* SALMO

(*en pé*) *No Lecc I C páx 255* Lc 16, 1-13 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Dunha vez había un home rico que tiña un administrador, do que lle foron contar que estaba a lle acabar cos bens.

Chamou por el e díxolle: "Que é iso que sinto falar de ti? Dáme conta da túa administración, que quedas despedido".

O administrador púxose a cavilar: "E agora que vou facer, que quedo sen traballo? Cavar, non podo; e botarme a pedir, dáme vergonza. ¡Ora! ¡Xa sei o que vou facer para que cando me despedan haxa quen me acolla na súa casa!".

Vaise, e chama por cada un dos debedores do seu amo e pregúntalle ao primeiro: "Ti canto lle debes ao meu amo?". El respondeulle: "Débolle cen bocois de aceite". El díxolle: "Pois colle o teu recibo e escribe axiña cincuenta".

Despois preguntoulle ao segundo: "Ti canto debes?". Respondeulle: "Debo cen ferrados de trigo". Díxolle el: "Pois colle o teu recibo e escribe oitenta".

O amo louvou a aquel administrador inxusto pola renartería con que actuara, pois os fillos deste mundo son máis asisados nas cousas deles que os fillos da luz.

Por iso eu avísovos:

- Facede amigos coas riquezas inxustas, para que cando vos falten, vos acollan nas moradas eternas. Quen é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto no moito. Pois, se coa riqueza inxusta non sodes fieis, quen vos vai confiar a verdadeira? E se no alleo nos sodes fieis, quen vos vai confiar o voso?. Ningún criado pode servir a dous amos, porque ou lle ten xenreira a un e ama o outro; ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón



Unhas palabras a xeito de homilía

Xesús, Mestre bo,
ensínanos o camiño para vivir solidariamente.
Axúdanos a converter o noso corazón duro
nun corazón sensible e cérico
a todas as persoas que sofren.
Ensínanos a saber descubrir a dor,
o sufrimento e as necesidades dos demais.
Danos a sinxeleza precisa
para conmoernos diante do próximo
e para acudir na súa axuda.
Que non sexamos mesquiños na nosa entrega,
que aprendamos a dar todo o que temos:
as nosas cousas, o noso tempo,
o noso esforzo, a nosa vida enteira,
para que os outros vivan máis e mellor.
Axúdanos a ter compaixón, que non é mágoa,
senón solidariedade activa e compromiso co outro.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Seguindo a proposta de Xesús proclamamos
agora a nosa fe, sabéndonos no camiño da
solidariedade e do compartir. Dicimos

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus,

o Pai que ama a todos sen diferenza e que desexa un
mundo no que todas as persoas sexan tratadas, non polo
que teñen, senón polo que son?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos convida a compartir á súa beira facendo cribles
as solidariedades e as caridades?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que nos alenta para estar á beira de tantas persoas
necesitadas de seren tratadas con xustiza e esperanza
nestes tempos de crise de PAZ?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que necesita valentía para desapegarse das
riquezas, e seguir medrando nos feitos que son exemplo
de austeridade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Rezamos como familia coa certeza de que o Noso Pai Deus vai escoitar a nosa oración, e dicimos: Señor, acolle o noso compartir*

Monitor/a

- ✓ Pola Igrexa, para que nunca esquezamos que só teremos autoridade cando poñamos o que somos e temos ao servizo dos demais, oremos
- ✓ Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que entre todos nos decatemos de que a verdadeira riqueza está no que compartimos e no que facemos xuntos, oremos
- ✓ Por cada un de nós, que tantas veces nos sentimos perdidos nas envexas e nas aparencias, para que fagamos realidade os camiños de caritas, oremos
- ✓ Polas persoas que están sufrindo as consecuencias de quen non permite que cheguen alimentos ás terras de Palestina, as mesmas nas que Xesús nos ensinou a compartir o pan como xeito de vivir, oremos
- ✓ Pidamos polos refuxiados tirados, que esperan mans acolledoras e tolerantes, e pidamos polas persoas que o único que queren é algo de paz, oremos

Celebrante: *Pai, grazas por escoitar esta nosa oración compartida, e grazas por escoitar tamén as pregarías que quedan gardadas no noso corazón. Por Cristo, noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Coa liberdade de sentirmos neste fogar de igrexa, comprometéndonos co Deus que é Pai, sabendo que sempre está á nosa beira acolléndonos, pómonos nas súas mans para dicirlle o aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas expresan o noso desexo de paz. Unha paz que se fai compartindo á beira de quen ten necesidade. Unha paz que se fai denuncia de egoísmos. Unha paz que require esforzo e atrevemento para a loita pola xustiza. Unha paz que se fai soñando igualdade. Está nas nosas mans facelo mellor.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é compartir a mesa da vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño de seguir a Xesús. El é a nosa riqueza, El é pan de vida para nós, e nós sabémonos ditos por estarmos convidados a este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 48** **O pouco que Deus nos dá**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Ti aliméntasnos
cos teus sacramentos e coa túa Palabra.

Sostennos sempre coa túa axuda bondadosa,
para que se faga realidade na nosa vida
a salvación que celebramos nestes misterios,
pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén

*Xesús quere que non esquezamos que sempre vai ser mellor vivir con sinxeleza e solidariedade, vivir compartindo o que temos e somos, que vivir para ter:
“Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro”.*



“Non podedes servir a Deus é ao diñeiro”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*